

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0732	Exploración da cavidade oral	2025/2026	0	134	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA CRISTINA COTELO ROMAR, MARÍA PILAR PIN QUIROGA, BEATRIZ ÁLVAREZ RODRÍGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	BEATRIZ ÁLVAREZ RODRÍGUEZ

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Verifica o funcionamento do equipamento dental, describindo as características dos seus compoñentes
RA2 - Prepara o instrumental e o material do gabinete bucodental, e selecciona técnicas de desinfección e esterilización
RA3 - Realiza a anamnese e a exploración da cavidade bucodental, e identifica as súas características
RA4 - Aplica técnicas para a obtención de imaxes de radiodiagnóstico dental, e selecciona parámetros radiolóxicos
RA5 - Aplica medidas de radioprotección e calidade do radiodiagnóstico dental, con interpretación da normativa específica
RA6 - Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr
RA7 - Identifica actitudes e estados emocionais en pacientes, aplicando principios básicos de psicoloxía xeral

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse as partes do equipamento dental e os seus compoñentes
CA1.2 Determináronse as funcións do equipamento
CA1.9 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA1.10 Cumpríronse os criterios de calidade en cada fase do proceso
CA2.1 Enumeráronse as vías de entrada de microorganismos no organismo
CA2.2 Clasificáronse as medidas preventivas para evitar a infección

Crterios de avaliación do currículo
CA2.3 Definiuse a limpeza, a desinfección e a esterilización
CA2.12 Valoráronse os resultados dos test de control da esterilización
CA3.1 Definiuse a posición ergonómica do/da hixienista e do/da auxiliar, así como a colocación do/da paciente
CA3.3 Diferenciáronse os datos significativos da anamnese bucodental
CA3.4 Descríronse as técnicas de exploración e identificouse o material necesario
CA3.6 Utilizáronse diferentes nomenclaturas dentarias
CA3.9 Recoñecéronse os signos da exploración normal
CA4.1 Defíníronse os raios X, a súa interacción coa materia e a formación da imaxe radiolóxica
CA4.2 Enumeráronse as características físicas dos equipamentos e feixes de raios X
CA4.3 Tipificáronse as magnitudes, as medidas e os equipamentos de medida da radiación
CA4.6 Seleccioneuse a técnica para a obtención da imaxe
CA4.9 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA5.1 Identificáronse os efectos biolóxicos das radiacións ionizantes
CA5.2 Enumerouse a normativa, a lexislación e os requisitos técnico-administrativos en instalacións de radiodiagnóstico dental
CA5.3 Definiuse a protección radiolóxica básica
CA5.5 Clasificáronse as medidas de protección radiolóxica específica de radiodiagnóstico dental
CA5.6 Tivéronse en conta as medidas de protección nas simulacións relacionadas co radiodiagnóstico
CA5.7 Cubriuse a documentación segundo a normativa

Crterios de avaliación do currículo
CA5.8 Establecéronse os criterios de calidade en radiodiagnóstico
CA5.9 Interpretáronse os resultados do programa de garantía de calidade
CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou un servizo de saúde bucodental
CA6.2 Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal e colectiva que se deben adoptar na execución das actividades e en cada área do traballo na clínica dental
CA6.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, produtos, equipamentos e instrumental dunha clínica ou un servizo de saúde bucodental
CA6.4 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos
CA6.5 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA7.1 Describíronse actitudes e estados emocionais ligados á atención bucodental
CA7.2 Describíronse técnicas comunicativas no proceso de información
CA7.4 Describiuse o perfil psicolóxico dos/das cativos/as e preadolescentes
CA7.5 Describíronse as características psicolóxicas das persoas adultas
CA7.6 Describiuse o perfil psicolóxico das persoas de idade avanzada
CA7.8 Valorouse o interese e a preocupación por atender ás necesidades das persoas usuarias

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Verifica o funcionamento do equipamento dental, describindo as características dos seus compoñentes
RA2 - Prepara o instrumental e o material do gabinete bucodental, e selecciona técnicas de desinfección e esterilización

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA3 - Realiza a anamnese e a exploración da cavidade bucodental, e identifica as súas características
RA4 - Aplica técnicas para a obtención de imaxes de radiodiagnóstico dental, e selecciona parámetros radiolóxicos
RA5 - Aplica medidas de radioprotección e calidade do radiodiagnóstico dental, con interpretación da normativa específica
RA6 - Aplica as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e equipamentos para os previr
RA7 - Identifica actitudes e estados emocionais en pacientes, aplicando principios básicos de psicoloxía xeral

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Detalláronse e comprobáronse os movementos da cadeira
CA1.4 Montáronse e desmontáronse os elementos adaptables á cadeira
CA1.5 Adaptouse o instrumental rotatorio ao equipamento e comprobouse o seu funcionamento
CA1.6 Realizouse a limpeza e a desinfección do equipamento dental
CA1.7 Efectuouse o mantemento do sistema de aspiración do equipamento dental
CA1.8 Utilizáronse os desinfectantes de acordo cos seus protocolos de utilización
CA2.4 Preparáronse os materiais de barreira utilizados nun gabinete dental
CA2.5 Realizouse a limpeza e a desinfección de superficies e instrumental
CA2.6 Utilizáronse os desinfectantes de acordo cos protocolos establecidos
CA2.7 Empregouse correctamente o sistema de limpeza por ultrasóns
CA2.8 Efectuáronse operacións de embolsamento

Crterios de avaliación do currículo
CA2.9 Esterilizouse o instrumental usado no gabinete segundo protocolos
CA2.10 Realizouse a limpeza, a desinfección e a esterilización do material rotatorio
CA2.11 Realizáronse os controis de esterilización
CA2.13 Cumpríronse os protocolos de calidade en cada fase do proceso
CA2.14 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA3.2 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica
CA3.5 Aplicáronse técnicas de exploración facial, bucal, dental, oclusal e periodontal
CA3.7 Efectuáronse diferentes odontogramas na exploración do/da paciente
CA3.8 Seguíronse os protocolos de actuación antes, durante e despois da exploración do/da paciente
CA3.10 Efectuouse o intercambio do material necesario
CA3.11 Obtivéronse imaxes para a historia clínica mediante fotografía dixital
CA3.12 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA3.13 Mantívose unha actitude coidadosa nas fases do proceso
CA4.4 Colocouse o/a paciente segundo a técnica que se vaia utilizar
CA4.5 Preparáronse os materiais e os equipamentos necesarios
CA4.7 Realizáronse técnicas de revelado de película radiográfica
CA4.8 Realizouse o tratamento dixital da imaxe
CA5.4 Aplicouse a protección radiolóxica básica

Criterios de avaliación do currículo

CA5.10 Cumpriuse a normativa de protección de riscos e protección ambiental

CA6.6 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas

CA6.7 Cubriuse a documentación segundo a normativa

CA7.3 Seleccionouse a técnica comunicativa en función das actitudes e dos estados emocionais detectados

CA7.7 Selecciónáronse as actuacións de apoio psicolóxico e de atención á persoa con discapacidade

CA7.9 Acondicionouse o/a paciente seguindo os protocolos de seguridade e respecto durante a aplicación da técnica

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1.- Considéranse mínimos exixibles todos os Criterios de Avaliación descritos no punto 2.

2.- Os criterios de cualificación serán os seguintes:

*****PRIMEIRA PROBA**

A proba escrita versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación. Para a superación da proba escrita será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

- Esta proba ten carácter eliminatorio para a realización da segunda parte da proba.
- A cualificación da primeira parte da proba terá valor de 0 a 10 puntos.
- Finalizada esta primeira parte da proba o centro publicará as puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes.
- A proba pode ser tipo test, pregunta curta, de desenvolver, de verdadeiro e falso e/ou de asociación.

*****SEGUNDA PROBA:**

Realizarase unha proba escrita sobre contidos de tipo procedimental en papel que poderá constar de preguntas tipo test, verdadeiro ou falso, preguntas curtas, resolución de exercicios ou resolución de supostos

prácticos. Versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos nesta programación.

- Os aspirantes que superen a primeira parte da proba poderán realizar a segunda que será igualmente puntuable de 0 a 10 puntos, para superala deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- As aspirantes que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 nesta segunda parte.
- Finalizada a segunda parte da proba, o centro publicará as puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes.

NOTA FINAL:

- A cualificación final do módulo obterase da media aritmética da cualificación acadada nas dúas probas (PRIMEIRA E SEGUNDA).
- Os aspirantes que teñan superada a primeira parte da proba, pero non superaran a segunda parte da proba obterán como nota máxima final un 4, non habendo posibilidade de realizar a media aritmética entre as dúas partes da proba.

Os aspirantes que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 na segunda parte.

Poderase excluír de calquera parte da proba ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun 0.

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante no presente módulo profesional será numérica, entre 1 e 10, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional que será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, será expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso de que a parte decimal sexa 5, o redondeo efectuarase á alza.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

1ª parte da proba

*****Características da proba:**

- Consistirá nunha proba escrita con preguntas tipo test (con 4 posibles respostas das cales so unha é a correcta), preguntas curtas, de desenvolver, de verdadeiro e falso e/ou de asociación. Cada resposta test incorrecta descontará a puntuación especificada nas instrucións da proba escrita. As preguntas non respostadas non restarán. No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva, e si son mais, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde de aparición das preguntas.
- As preguntas curtas, de desenvolver, asociación e verdadeiro ou falso indicarán o seu valor de cualificación no enunciado, cada resposta errada de tipo verdadeiro/falso restará una pregunta acertada, as non contestadas non restan.

Esta primeira parte da proba proba terá carácter eliminatorio, e para superar dita parte haberá que ter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

*****Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:**

- Bolígrafo azul ou negro indeleble e non se permitirá o uso de ningún tipo de corrector tipo títex.
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo que deberá manterse na mesa durante toda a proba

*****Duración da proba:**

A duración da proba teórica será como máximo de 120 min.

*****Normas:**

- Nas preguntas tipo test so se valorarán as respostas lexibles marcadas cunha X e recollidas na táboa ou plantilla de respostas proporcionada polo profesor. No caso contrario ou no caso de dobre resposta, constarán como preguntas en branco, non puntuarán. No caso de erro, deberá rechearse o recadro da resposta errada e marcar a correcta cunha nova X.
- As probas realizadas a lapis non se corruxarán.
- Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas da proba.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións e na orde de aparición.
- Non se permitirá o acceso á aula unha vez comezada a proba e tampouco se permitirá o acceso co teléfono móbil acendido, con reloxos intelixentes, tablets ou calquer outro dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de datos.
- Queda prohibido sacar o exame da aula nin calquer outro documento empregado durante a proba.
- Os bolsos e apuntamentos deixaranse no lugar indicado polo profesor previo comezo da proba.
- No caso de pelo longo, recollerase deixando os pabellóns auditivos visibles.

- Poderase entrar cunha botella de auga, sempre e cando non teña etiqueta.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda.

As que non superen a primeira parte da proba serán calificadas cun 0 nesta segunda parte.

***Características da proba:

Realizarase unha proba escrita sobre contidos de tipo procedimental en papel que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos nesta programación e poderá constar de: preguntas test, verdadeiro ou falso, preguntas curtas, resolución de exercicios e/ou resolución de supostos prácticos.

- As preguntas test mal respostadas descontarán a puntuación indicada nas instrucións da proba.

- As preguntas de verdadeiro ou falso mal respostadas puntuarán negativo, cada pregunta mal respostada, restará unha pregunta ben respostada. As preguntas non respostadas non puntuarán negativamente.

- Para a superación desta proba deberá obterse unha cualificación de ao menos o 50 % do valor máximo de puntos.

Nas preguntas tipo test so se valorarán as respostas lexibles recollidas na táboa ou plantilla de respostas proporcionada polo profesor. No caso contrario ou no caso de dobre resposta, non se teran en conta, para a puntuación, constarán en branco.

***Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro indeleble e non se permitirá o uso de ningún tipo de corrector tipo títex.

- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo que deberá manterse na mesa durante toda a proba.

***Duración da proba:

A duración da proba teórica será como máximo de 120 min.

***Normas:

- Nas preguntas tipo test so se valorarán as respostas lexibles marcadas cunha X e recollidas na táboa ou plantilla de respostas proporcionada polo profesor. No caso contrario ou no caso de dobre resposta, constarán como preguntas en branco, non puntuarán. No caso de erro, deberá rechearse o recadro da resposta errada e marcar a correcta cunha nova X.
- As probas realizadas a lapis non se corruxirán.
- Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas da proba.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións e na orde de aparición.
- Non se permitirá o acceso á aula unha vez comezada a proba e tampouco se permitirá o acceso co teléfono móbil acendido, con reloxos intelixentes, tablets ou calquer outro dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de datos.
- Queda prohibido sacar o exame da aula nin calquer outro documento empregado durante a proba.
- Os bolsos e apuntamentos deixaranse no lugar indicado polo profesor previo comezo da proba.
- No caso de pelo longo, recollerase deixando os pabellóns auditivos visibles.
- Poderase entrar cunha botella de auga, sempre e cando non teña etiqueta.